Os diferentes equipos docentes reuniranse con carácter ordinario cada dúas ou tres semanas, tal e como se mostra no calendario de reunións, e sempre que sexa necesario

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística reunirse con carácter ordinario trimestralmente.

EQUIPO DO PLAN LECTOR

O Equipo reunirse con carácter ordinario trimestralmente.

EQUIPO DO PROXECTO TICs

O Equipo reunirse con carácter ordinario trimestralmente.

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Equipo reunirse o comezo do curso e con carácter ordinario trimestralmente.

4.6.1 Calendario Escolar 2022-2023

septiembre-2020							octubre-2020							noviembre-2020						
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4						1	2		1	2	3	4	5	6
5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
26	27	28	29	30			24	25	26	27	28	29	30	28	29	30				
							31													
diciembre-2020							enero-2021							febrero-2021						
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4							1			1	2	3	4	5
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26

9	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	0	1	2	0	1	2	3	4	5	6	
2	2	2	2	3	3		2	2	2	2	2	2	2	2	2						
6	7	8	9	0	1		3	4	5	6	7	8	9	7	8						
							30														

marzo-2021						
L	M	M	J	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

abril-2021						
L	M	M	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

mayo-2021						
L	M	M	J	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

junio-2021						
L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11

julio-2021						
L	M	M	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9

agosto-2021						
L	M	M	J	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12

4.7. CALENDARIO DE RELACIÓN COAS FAMILIAS

A información aos pais/nais/titores/as legais se realizara ó longo do curso meirante:

a) Reunións xeral e coas familias (Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO): no primeiro trimestre previo coñecemento do grupo de alumnos/as polos/as titores/as, estes reuniranse cos pais/nais/titores/as legais para informarlles das características evolutivas desa idade, dos obxectivos do curso, metodoloxía e aprendizaxe nesa idade e as normas, así como das novidades do ano e a presentación do profesorado de nova incorporación e os novos membros do Equipo Directivo do curso 2022-2023.

Educación Infantil	Educación Primaria	Educación Secundaria
REUNIÓN DE AULA 08/09/2022 HORA: 17.00 HORAS	REUNIÓN DE AULA 13/09/2022 HORA: 17.00 HORAS	REUNIÓN DE AULA 15/09/2022 HORA: 17.00 HORAS

b) Porase especial atención as familias que non atenderon ás reunións.

c) Entrevistas cos pais/nais/titores/as legais por vía telemática ou telefónica, no seu caso.: os/as titores/as terán unha sesión semanal a disposición dos pais/nais/titores/as legais, previa cita. Serán entrevistas individualizadas sobre a marcha da aprendizaxe e comportamento do/a alumno/a, tomándose nelas medidas correctoras, preventivas e de seguimento en colaboración cos

proxenitores/titores/as legais. Intentarase facer, polo menos, tres entrevistas coas familias de cada neno.

HORARIO ENTREVISTAS PAIS-TITORES -

ESO Martes 17:15 a 18:15

INFANTIL E PRIMARIA Xoves 17:15 a 18:15

d) BOLETÍNS INFORMATIVOS: serán mandados trimestralmente, reflectindo neles a aprendizaxe realizada nas diferentes áreas:

- 1ª Avaliación: 22 de decembro 2022.
- 2ª Avaliación: 31 de marzo 2023
- 3ª Avaliación e Ordinaria:

E.I: xovess, 21 de Xuño de 2023

- o 1º-2º-3º-4º-5º Primaria: 21 de xuño de 2023
- o 1º,2º e 3º de ESO: 26 de xuño de 2023 (10:00-10:30 Hrs. nas súas respectivas aulas)
- o 4º de ESO: 26 de xuño de 2022 (10:00-13:00 Hrs)

d) SESIÓNS DE AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL: EI -6 de outubro de 2022 ás 16:00 Hrs (Sala de mestres/as)

EP 6 de outubro de 2022 ás 17:00 Hrs ((Salón de actos)

ESO 4 de outubro de 2022 ás 17:00 Hrs ((Salón de actos)

1ª AVALIACIÓN: EI - 20 de decembro de 2022 ás 16:00 Hrs (Sala de mestres/as)

EP - 20 de decembro de 2022 ás 16:00 Hrs (Salón de actos)

ESO -19 de decembro de 2022 ás 16:00 Hrs (Salón de actos)

2ª AVALIACIÓN: EI - 29 de marzo de 2023 ás 16:00 Hrs (Sala de mestres/as)

EP - 29 de marzo de 2023 ás 16:00 Hrs (Salón de actos)

ESO - 27 de marzo de 2023 ás 16:00 Hrs (Salón de actos)

3ª AVALIACIÓN: EI -15 de xuño de 2023 ás 16:00 Hrs (Sala de mestres/as)

EP -15 de xuño de 2023 ás 16:00 Hrs (Salón de actos)

ESO - 5 de Xuño de 2023 ás 16:00 Hrs (Salón de actos)

AVALIACIÓN FINAL:: EI -15 de xuño de 2023 ás 16:00 Hrs (Sala de mestres/as)

EP -15 de xuño de 2023 ás 16:00 Hrs (Salón de actos)

ESO -23de Xuño de 2023 ás 09:00 Hrs (Salón de actos)

d) Día de benvinda para os/as alumnos/as de E. Infantil de 3 anos – 06 e 07 de setembro 2022

e) Actos de Graduación:

EDUCACIÓN INFANTIL – 15 de xuño de 2023 (Provisional)

EDUCACIÓN PRIMARIA – 13 de xuño de 2023 (Provisional)

ESO. – 21 de xuño de 2022 (Provisional)

4.8 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.

Sendo un elemento nuclear da nosa práctica docente, consideramos o principio de atención á diversidade como un modelo de ensino personalizado que, dende unha oferta curricular común, ofrece respostas diferenciadas e axeitadas ás diferentes capacidades, intereses e motivacións de todos os alumnos/ás.

4.8.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Dende o noso centro, propoñémonos unhas estratexias metodolóxicas co fin de facilitar á totalidade do alumnado o desenvolvemento das competencias básicas comúns, así como o logro dos obxectivos da etapa, cun enfoque inclusivo e establecendo os procesos de mellora continua que favorezan o máximo desenvolvemento, a formación integral e a igualdade de oportunidades. Para iso diversificaremos os procedementos para alcanzar as competencias a través da máxima implicación do profesorado na atención a todo o alumnado.

Entendemos a Atención á Diversidade como o conxunto das accións educativas, que intentan previr e dar resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado do centro e, de entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada de factores persoais, sociais relacionados con situacións de desvantaxe socio cultural ou de saúde: de altas capacidades, de compensación lingüística, de discapacidade física, psíquica, sensorial ou con trastornos graves de personalidade, conduta ou do desenrolo, de graves atrasos ou de trastornos da comunicación e da linguaxe.

Para elo, o centro debe proceder a unha diversificación metodolóxica, de procedementos e de estratexias de ensino que se poidan levar a cabo nos diferentes momentos do deseño e posta en práctica da acción educativa.

Dende este enfoque considerase tanto ás necesidades máis transitorias, que con frecuencia puideran ser satisfeitas mediante axudas temporais coma outras de carácter máis permanente que esixirán adaptacións máis significativas na proposta curricular e a necesidade de medios máis específicos.

Entre unhas e outras existe todo un abano de posibilidades intermedias, que requirirán unha atención individualizada das necesidades. Cada alumno/a ten diferentes necesidades educativas, debido a múltiples factores (idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos e ritmo de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica...). Esta diversidade require enfoques diversos e distintos graos de axuda educativa, que partirá da súa competencia inicial e desenvolverá opcións de ensino/ aprendizaxe alternativas e adaptadas a cada neno.

Protocolo de actuación para a detección de atención a diversidade

O proceso é o seguinte:

- 1) O profesor e/ou titor/a, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua, detecta necesidades educativas (retrazo, alteracións, dificultades, problemas...) nalgún/s ámbitos de desenvolvemento nun alumno determinado.
- 2) Recolle información: observación informes, avaliación inicial, resultados de avaliacións psicodiagnósticas (2º, 4º, 6º E.P. e 2º ESO), traballos, ...
- 3) Intercambia información coa familia.
- 4) Tenta dar resposta ás necesidades plantexadas con medidas ordinarias de forma normalizada.
- 5) Se o consegue, pecha o ciclo de detección.
- 6) Se non o consegue, demanda colaboración ao departamento de orientación cubrindo unha ficha de derivación.

- 7) Establecida a demanda ao D.O realizará unha avaliación ordinaria recollendo as necesidades para unha posible intervención coa seguinte secuencia:
- Obter información dos profesores/pais/outros relativas ao funcionamento do alumno nas áreas de interese no ambiente natural.
 - Programar a avaliación directa do alumno
 - Administrar probas normativas, criteriosais, evolutivas e pedagóxicas.
 - Recoller datos de observación.
 - Elaborar un informe ou síntese sobre os datos recollidos que inclúan implicacións diagnósticas ou prognósticas sobre as necesidades específicas atopadas e proporcione orientacións determinadas para a elaboración dun programa educativo individual.
- 8) Neste proceso identifícase o seguinte tipo de alumnado: alumnado sen necesidades educativas especiais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
- 9) Se establece o programa educativo individual segundo precise unha medida ordinaria:
- Definición de obxectivos a curto a medio e a longo prazo
 - Determinación das actividades e procedementos que se van a levar a cabo
 - Rexistros de execución
 - Avaliación do progreso
 - Modificacións, se fosen necesarias, no programa
 - Informar sobre o resultado do proceso ao alumno e as familias cunha regularidade establecida (unha por trimestre).

- 10) Se o programa educativo individual non fose suficiente realizarase unha avaliación psicopedagóxica e se valoraría a necesidade de medidas extraordinarias.
- 11) Ao final de cada un dos cursos de ESO incluírase un consello orientador sobre o grao de logro de obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais ou titores legais ou, no seu caso, ao alumno/a do itinerario máis adecuado a seguir, que poderá incluír a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento ou a un ciclo de FPB.

Alumnos que requiren medidas de atención diversificadas

Alumnos con necesidades educativas especiais, asociadas

- Discapacidade física, psíquica ou sensorial
- Grave trastorno da personalidade ou hiperactividade que posúan diagnóstico polos servizos de saúde mental da Consellería. (TDAH, TEA, TXD,...)

Os alumnos estarán integrados nas súas aulas de referencia e serán atendidos nas materias instrumentais ou nas sesións que se determinen en función das súas necesidades e da dispoñibilidade do centro, polo profesor especialista en pedagogía terapéutica. A atención poderá ser individual ou en pequeno grupo, se lle proporcionará dentro ou fóra da aula ordinaria, segundo as súas características.

O colexio solicitará as Axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2022/23. O importe que lle corresponda será empregado nunha especialista para traballar xunto co D.O nos casos que mais o precisen.

Alumnos con sobredotación intelectual

Serán alumnos diagnosticados polo equipo psicolóxico e de orientación do centro, tras comprobar que a súa capacidade intelectual está fora da normalidade.

Serán obxecto dunha atención específica dentro da aula. Neste caso serán atendidos polos mestres do centro e se lles aplicarán actividades de ampliación curricular.

No caso de que estas medidas non sexan suficientes para atender as necesidades educativas deste alumnado se emitirá un informe do equipo de orientación para que sexa valorado polo equipo de orientación específico da Consellería.

Orientarase as familias sobre a situación, posibilidades e alternativa dispoñibles con respecto a ese alumnado.

Alumnos de compensación educativa

- Alumnos inmigrantes con necesidades de apoio derivadas do descoñecemento do castelán ou da incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Alumnos que pertencen a minorías étnicas ou culturais en situación desfavorecida que presentan un desfase escolar significativos (dous ou máis cursos de diferenza entre o seu nivel de competencia curricular e o nivel no que está escolarizado).
- Alumnos en situación de abandono familiar ou marxinação social que presentan desfase curricular significativo.

Estes alumnos estarán integrados nas súas aulas de referencia e serán atendidos nas sesións que se determinen, en función das súas necesidades e da dispoñibilidade do centro, polo profesor de PT (que no centro asume a E. Compensatoria). A atención se proporcionará ben na aula de apoio, ou ben dentro da aula ordinaria. Para realizar a derivación, planificar a intervención e facer

un seguimento da súa evolución se empregarán os documentos que sexan pertinentes en cada caso en función das necesidades:

- Ficha de derivación
- Documento de seguimento de reforzo educativo
- Documento de adaptación curricular non significativa
- Documento de adaptación curricular significativa

Alumnos con dificultades de aprendizaxe

- Alumnos que presentan dificultades específicas nalgúns das áreas instrumentais que interfíren no seu proceso de aprendizaxe.

Estes alumnos estarán integrados nas súas aulas de referencia e serán atendidos nas sesións que se determinen en función das súas necesidades e dispoñibilidade, preferentemente por profesores do ciclo no que se atope escolarizado, como medida de reforzo educativo. A atención poderáselle proporcionar dentro ou fóra da aula ordinaria.

Para valorar as dificultades de cada alumno que reciba reforzo educativo compre realizar o seguimento dos seus progresos e empregar os protocolos recollidos no anexo de documentos deseñados para tal efecto.

Alumnos con dificultades emotivo-relacionais e/ou de conduta

- Alumnos que presentan problemas de comportamento ou condutas perturbadoras na aula e que non foran diagnosticados polos servizos de saúde mental, como algúns alumnos con grave trastorno da personalidade.

Estes alumnos estarán integrados nas súas aulas de referencia e serán atendidos nas sesións que se determinen, en función das súas necesidades e dispoñibilidade, polos mestres do centro e polo equipo de Orientación como medida de reforzo educativo e como tal rexistrarase nos documentos xa resinados no apartado anterior. A atención poderá proporcionarse dentro ou fóra da aula ordinaria e poderáselle aplicar o Programa de Habilidades Sociais.

Alumnos con problemas de linguaxe

- Alumnos diagnosticados pola A.L/ Orientadora do centro, que presentan problemas de linguaxe que afectan significativamente ao seu desenvolvemento ou a súa capacidade de comunicación.

Estes alumnos estarán integrados nas súas aulas de referencia e serán de atención preferente para a logopeda, por este orde: ANEAEs, alumnos de E. Primaria e, en función das posibilidades do Centro, alumnos de E. Infantil, que terán unha sesión semanal de “obradoiro da fala” como prevención de dislalias e dificultades de linguaxe oral.

Nestes casos o protocolo a seguir sería o seguinte:

Protocolo para a actuación dun alumno/a con necesidades educativas especiais que foron diagnosticadas polos servizos de saúde infantil-xuvenil:

1. Tras unha avaliación inicial do/a titor/a, este/a entregará un informe de derivación ao Departamento de Orientación (D.O).

2. O D.O fai una nova valoración e toma como medida elaborar un plan de intervención individualizado e adaptado ás necesidades do alumno/a. Se lle asignarán un número de sesións de intervención dentro ou fóra da aula por parte da mestra especialista.
3. Cada profesor/a, xunto coa colaboración do D.O, elabora unha programación didáctica individualizada centrándose na adecuación da metodoloxía e dos tempos, procedementos e instrumentos de avaliación, tendo en conta as características de cada alumno/a. Esta programación será aberta e flexible, polo tanto modificable dependendo da evolución do alumno/a ao longo da súa escolaridade.
4. Semanalmente, haberá reunións de coordinación entre os/as titores/as e o D.O.
5. No caso de non haber evolución escolar do alumno/a, se tomarán medidas extraordinarias: ACI ou Flexibilización curricular.

4.8.2 ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS

Medidas organizativas dentro da aula

Na realidade do noso centro, as necesidades educativas especiais que presentan os/as alumnos/as son, na súa maioría, derivadas do TDAH e o TEA. A continuación, redactamos algunhas pautas para a intervención dentro da aula ordinaria que poden ser de gran utilidade para os alumnos/as que presentan estas necesidades educativas especiais.

Alumnos cun diagnóstico de Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH):

- ✓ Deben estar sentados preto da mesa do profesorado, non significa estar illado ou castigado.
- ✓ Asinarlles compañeiros/as que lles sirvan de modelo de tranquilidade, orde e axuda.
- ✓ Evitar a proximidade de portas, fiestras e lugares de tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

- ✓ Na mesa do alumno/a so estarán os materiais necesarios para realizar a tarefa.
- ✓ Negociar co alumnado as normas de convivencia consensuadas na aula con claras consecuencias.
- ✓ Adecuar o currículo ás capacidades, ao estilo de aprendizaxe e ás necesidades do alumnado como medidas de carácter ordinario; mentres que os de carácter extraordinario dependerán da evolución do alumno/a ao longo da escolarización.
- ✓ Coñecer o seu estilo de aprendizaxe, capacidades, preferencias e motivacións.
- ✓ Empregar reforzos visuais como apoio ás explicacións orais.
- ✓ Nas explicacións orais, debemos asegurarnos de que o alumnado atende, usar frases curtas e claras, promover a súa participación...
- ✓ Uso de axenda é imprescindible e deberá estar supervisada tanto polo profesor/a como pola familia. (usarase, preferentemente, para reforzar e eloxiar o bo rendemento e comportamento)
- ✓ Realización de tarefas alternando actividades teóricas con traballo práctico.
- ✓ Supervisar frecuentemente a realización das tarefas mediante reforzo positivo ou reconducir as distraccións.
- ✓ Reducir e fragmentar as actividades. Supervisar que entende as consignas e o que ten que facer.
- ✓ Exames escritos con preguntas curtas, claras, pechadas e con vocabulario sinxelo
- ✓ Darlle a posibilidade de complementar os exames escritos de forma oral. Revisalos antes de entregalos.
- ✓ Fomentar a relación positiva entre alumnado e profesorado.
- ✓ Ofrecerlles confianza e expectativas positivas.

- ✓ Axudarlle a coñecer e manexar as emocións (baixa tolerancia, frustración, dificultades para atrasar a gratificación).
- ✓ Reforzo positivo ante as conductas adecuadas, tratando de ignorar as non axeitadas.
- ✓ Hai que atender o posible retraso escolar asociado ao TDAH, polo que debe prestarse especial atención ao tratamento da lectura, comprensión e expresión escrita, numeración, cálculo e resolución de problemas matemáticos.

Estas estratexias ofrécense para beneficiar tanto ao alumnado con TDAH coma o resto do grupo. Despois dunha avaliación inicial, e sempre partindo dos coñecementos previos do alumnado.

Alumnos cun diagnóstico de Trastorno Espectro Autista (TEA):

- ✓ Deben estar sentados preto da mesa do profesorado, non significa estar illado ou castigado.
- ✓ Asinalles compañeiros/as que lles sirvan de modelo de tranquilidade, orde e axuda.
- ✓ Eliminación de hiperestimulación visual (exceso de debuxos, mapas, etc...), evitando calquera distracción.
- ✓ A atribución de significado a accións que non son intencionais para facelas funcionais.

- ✓ Uso dun horario/axenda individual onde figuren, de forma visual, a orde de tarefas, materia, quen a imparte...adaptando os apoios visuais ás necesidades e idade de cada neno/a.
- ✓ Apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
- ✓ Reforzar os “puntos fortes” do alumnado con TEA para fomentar a mellora de autoestima e a consideración entre o profesorado e alumnado.
- ✓ Ambiente moi estruturado, predicible e fixo.
- ✓ Potenciar ao máximo, dentro do posible, a autonomía persoal.
- ✓ Distribuír o espazo da aula en diferentes zonas onde estea clara a actividade que se desenvolverá en cada unha delas e os materiais que se empregan. Se fose necesario, crearase un espazo libre de distraccións para a realización de tarefas.
- ✓ Utilización da linguaxe clara, precisa e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías. As bromas deberán ser traballadas previamente.
- ✓ O uso de sinais acústicos e visuais para estruturar os tempos na aula.
- ✓ Atención aos problemas no procesamento sensorial ou dificultades na integración da información.
- ✓ Garantir que se comprenden as ordes e normas xerais o que require dirixirse explicitamente ao alumnado con TEA e adaptarse ao seu nivel de comprensión.
- ✓ Potenciar as habilidades sociais nos recreos (ensinarlle a xogar e a entender as regras dos xogos) e cambios de clase usando se fora preciso un compañeiro/a titor, tendo en conta os seus intereses e necesidades. A partires do curso 19-20, puxemos en marcha a iniciativa de “*Patios Dinámicos*”, en tódalas etapas, coa finalidade de integrar e facilitar o xogo,

favorecendo o desenrolo das competencias sociais e as relacións interpersoais. Tratando de garantir unha organización equilibrada de patios que favoreza a interacción entre iguais

- ✓ Exames escritos con preguntas curtas, claras, pechadas e con vocabulario sinxelo. Control de tempos.
- ✓ En temas obsesivos de conversa é importante comprender as súas razóns para falar unha e outra vez sobre este tema e tratar de reducir os límites permitidos, é dicir establecer tempos “especiais” nos que poida falar dos seus intereses, e opoñerse de maneira firme a falar deles fóra destes tempos establecidos.
- ✓ Utilizar estes temas “favoritos” como reforzo para rematar tarefas.
- Apoio dentro do grupo ordinario. Procurarase que sexa un mestre do mesmo ciclo quen leve a cabo eses apoios.
- Agrupamentos internivelares. En Educación Infantil e Primaria, para a realización de obradoiros e actividades entre os distintos cursos.

- Desdobres. Realízanse agrupamentos diferentes dos grupo-aula de referencia para impartir informática, de forma que o titor permaneza na súa aula coa metade dos alumnos impartindo algunha das áreas instrumentais, Ciencias da Natureza ou Ciencias Sociais e a outra metade do grupo, traballará sobre as mesmas áreas, pero na aula de informática con outro profesor.
- Apoios fora da aula. Para a realización de actividades de logopedia e apoios curriculares específicos e para alumnos con necesidades educativas especiais.

Criterios organizativos

- Calquera profesor/a con dispoñibilidade horaria poderá ser de apoio e atenderá aos alumnos con desfase curricular, coa excepcionalidade dos alumnos con necesidades da linguaxe expresiva aos que atenderá o profesor de audición e linguaxe (AL).
- Potenciarase a atención a Educación Infantil con carácter preventivo, (“Obradoiros da Fala”) tendo en conta as súas características evolutivas. Neste sentido os apoios serán de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en función das necesidades.
- Todo profesor da etapa de primaria (titores e especialistas) dedicará parte das súas horas libres lectivas á atención de alumnos que o requiran en función das necesidades do centro. Estes apoios faranse preferentemente en pequenos grupos. Intentarase que un mesmo alumno sexa atendido polo menor número posible de profesionais.
- Os profesores no seu grupo-clase deberán atender a aqueles alumnos que precisen medidas de AD e deberán estar contempladas nas súas programacións, incluíndo: que os contidos

básicos estean claramente precisados, que as actividades de aprendizaxe sexan variadas e con distintos graos de dificultade e diferentes procesos de estratexias e avaliación, de forma que sexa eminentemente formativa e individualizada.

- Os grupos de apoio realizaranse segundo as necesidades educativas. Cos alumnos de logopedia a reeducación realizarase individualmente ou en pequeno grupo. Preferentemente os apoios realizaranse dentro da aula, agás cando as necesidades de intervención así o requiran. Traballarase en pequeno grupo cando os obxectivos e contidos a traballar sexan similares. Procurarase dar continuidade aos grupos de traballo establecidos que traballen satisfactoriamente.
- Traballarase individualmente nos casos que polas súas características, o agrupamento non sexa conveniente: por dificultades de atención, por especificidade do traballo a realizar, por problemas de comportamento.... Priorizarase o traballo nas áreas instrumentais. Como norma, sempre que sexa posible, os alumnos con necesidades educativas máis importantes, recibirán maior número de horas de apoio. Os apoios realizaranse en horas que non sexan de especialidade. Procurarase realizar a atención de forma regular ao longo da semana. O titor procurará adaptar o horario de clase para conseguir traballar a mesma área dentro de clase e cos que se apoian fóra.
- Ao final de curso, e de cara á organización do seguinte, faise unha previsión en función das necesidades sobre a cantidade de horas de apoio para os alumnos. Esta previsión a realizará o D.O xunto cos titores e o equipo directivo. A principio de curso o horario real de apoio realizarase conxuntamente (D.O, profesores de apoio e o equipo directivo), en función dos casos escolarizados e coñecidos. E tamén solicitaranse axudas para o centro, para a atención ao alumnado de NEAE.

- Esta temporalización revisarase ao longo de todo o curso, dependendo das necesidades e demandas de atención ou das novas incorporacións. Este horario elaborárase priorizando a atención aos alumnos con máis necesidades, intentando non deixar de atender a ningunha necesidade do centro en función dos recursos persoais existentes.
- O Departamento de Orientación do colexio conta coa axuda dunha psicóloga privada, esta traballa cos casos que mais o precisen e intervén coas familias facilitando pautas e medidas de actuación que favorezan a evolución positiva do alumnado.

Medidas de resposta educativa

A atención á diversidade na aula e no Centro debe incluír dous tipos de medida de resposta educativa

- Ordinarias
- Extraordinarias

Medidas Ordinarias:

- **Reforzo educativo.** Actividades de reforzo consideradas na Programación de Aula.
- **Intervención na linguaxe.** Intervencións logopédicas, tanto de rehabilitación coma de estimulación.
- **Titorías especializadas con aplicación do PAT.** O titor velará pola atención personalizada do alumnado, polo seguimento do grupo, pola coordinación de todos os docentes que interveñen na actividade pedagóxica, e coas familias do seu grupo de alumnos. Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo requirirán un especial seguimento por parte do seu titor.

- **Non promoción.** Ao finalizar o ciclo, se o equipo docente considera que o alumno non alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, nin un axeitado grao de madurez, non promocionará. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez ao longo de toda a etapa e deberá ir acompañada dun plan específico de apoio ou, no seu caso, de adaptación curricular. Excepcionalmente, os alumnos con necesidades educativas especiais poderán prolongar a súa estancia un ano máis na etapa (Flexibilización curricular), sempre que os pais o autoricen, por proposta do equipo docente asesorado polo Equipo de Orientación Específica da Consellería, sempre que iso favoreza o seu desenvolvemento
- **Escolarización nun curso inferior.** Os alumnos que se incorporen tardiamente ao sistema educativo ou presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis dun ciclo, poderán ser escolarizados no curso inferior ao que lles correspondería por idade. É responsabilidade do titor coordinar a avaliación e toma de decisións co equipo docente e o equipo de orientación. (Plan de Acollida de Inmigrantes).
- **Programa de Inmersión lingüística.** Para aqueles alumnos que presenten descoñecemento do idioma, recibirán unha atención específica que será simultánea á súa escolarización nun grupo ordinario.

Medidas Extraordinarias:

Adaptacións Curriculares Individualizadas: realizaranas os titores nas áreas que imparten e os profesores especialistas nas súas áreas. Para iso contarán coa colaboración do profesorado de apoio e o asesoramento do D.O.

As ACIS realizaranse con carácter anual e ao longo do primeiro trimestre escolar, nos casos xa detectados.

As adaptacións poden ser de catro tipos:

- Significativas: eliminación de obxectivos dunha ou de varias áreas do currículo. Haberá que presentar o documento e pedir autorización á Inspección Educativa no primeiro trimestre. Consultar protocolo ACI (ANEXO)
- Non significativas: modificacións na avaliación e/ou na temporalización de contidos, especialmente nos alumnos con certo desfase curricular. Estarán encamiñadas a modificar a metodoloxía, as actividades, graduando a súa dificultade e ampliando ou reducindo ou número destas ou diversificándoas.
- De acceso ao currículo: eliminación de barreiras e facilitar axudas técnicas no caso de motóricos, cegos, xordos, etc.
- De ampliación: enriquecemento dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxías específicas en alumnos con sobredotación intelectual nunha ou varias áreas.
- Tamén se realizarán as Fichas de Reforzo Educativo (logopédico ou pedagóxico) .

4.8.3 CONCRECIÓN DAS MEDIDAS DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CO ALUMNADO DE NEAE NO CURSO ACTUAL 2022-2023

Partindo das directrices e criterios establecidos no PAD, a intervención cos alumnos con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) neste curso será a seguinte:

Educación Infantil:

M.C.DD (4º EI)

- Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento: F84, Trastorno xeneralizado no especificado: F849. Recoñecemento do Grao de discapacidade do 33% con carácter provisional dende 21/12/20 ata 03/11/2024.

I.F.R (5º EI):

- Alumno con retraso da fala e da linguaxe. Valorouse posibilidade de mutismo selectivo.
Sesións de AL

S.P.G (5º EI):

- Alumna de 5º EI. Prematura (25+2 semanas). RN con peso menor de 1000g. Síndrome de Distrés respiratorio, Displasia broncopulmonar, hemorraxia intraventricular grao I-II, apneas da prematuridade. Inmadurez centro cardio-respiratorio. Retinopatía prematuridade grao I-II.

Microcefalia. Retraso da linguaxe. Solicitada a valoración para o recoñecemento do grao de discapacidade. Concedido o grao I de dependencia

Educación Primaria

M.C.T (1º EP)

- Alumno con diagnóstico Trastorno do Espectro Autista. Recibe apoios puntuais para reforzar a mellora de habilidades sociais. Sen dificultades a nivel académico. Recibe sesións de PT.

L.T. A (1º EP)

- Alumno con dificultades de linguaxe a nivel articulatorio, semántico e pragmático. Escasa psicomotricidade e dificultades atencionais. Recibe sesións de AL.

D.P.C. (1º EP)

- Alumno con diagnóstico compatible Trastorno do Espectro Autista, grao de minusvalía do 37% e con certificado de dependencia de grao II. Recibe apoio individualizado en sesións de pedagóxica terapéutica e logopédica. Precisa ACI. Estimulación da linguaxe oral e HH.SS.

A.P.G (2º EP)

- Alumna con dificultades atencionais e adquisición da lectura. Recente diagnóstico sospeita de TDA con impulsividade. Sesións de AL todo o curso.

L.M.G. (2º EP)

- Alumno con diagnóstico de Trastorno do Espectro Autista. Dificultades expresivas e HH.SS. Non presenta dificultades cognitivas. Seguimiento por parte do DO.

R.M.P (3º EP)

- Alumno incorporado aos 4 anos ao sistema educativo, sen asistir previamente á escola infantil. Diagnóstico compatible con Trastorno do Espectro Autista. Grao II de Dependencia e minusvalía recoñecida do 34%. Recibe apoio educativo para estimulación da linguaxe, HH.SS, adquisición de hábitos básicos e rutinas.

E.A.D.C. (3º EP)

- Alumna con crises mioclónicas, dificultade de concentración.

G.M.V. (3º EP)

- Alumno con TDAH. Presenta retraso lector, dificultades de comprensión lectora e razoamento lóxico-matemático. Programa específico en sesións coa PT.

C.C.I. (4º EP)

- Alumna con retraso lector, dificultades de comprensión lectora, razoamento lóxico. Baixa capacidade cognitiva Traballárase en sesións de PT.

A.G.B (4º EP)

- Alumno con diagnóstico do Sergas de trastorno do desenvolvemento TEA e minusvalía recoñecida do 33%. Diagnóstico anterior de TDAH polo Dr. Sastre. Dificultade de adquisición

lectoescritora e disgrafía. Habilidades sociais alteradas. punto débil significativo en memoria de traballo. Sesións coa PT.

L.C.N (4º EP)

- Alumna con múltiples dificultades de aprendizaxe: atencionais, organizativas, de razoamento, lectoescritura e cálculo. Sesións de AL e RE en materias instrumentais.

N.F.M (5º EP)

- Alumno con diagnóstico de Trastorno de Espectro Autista, Grao de minusvalía do 49%.

S.A.D.C. (5º EP)

- Alumna con crises mioclónicas (protocolo alerta escolar), disfunción executiva escolar e retraso madurativo. Grao de discapacidade recoñecido do 37%. Precisa ACI e reforzo en áreas instrumentais.

E.J.A.A. (5º EP)

- Alumna con diagnóstico TDAH, Minusvalía recoñecida do 33%. Dificultades atencionais e de razoamento lóxico. Baixa comprensión lectora.

H.P.R (5º EP)

- Alumno con TEL. Dificultades de comprensión lectora, expresión e fluidez verbal, falta de

entoación e prosodia. Baixo nivel de razoamento lóxico.

J. M. S (6º EP)

- Alumno con dificultade na adquisición do proceso lectoescritor e comprensión lectora, así como dificultade no razoamento lóxico-matemático. Traballaranse estes aspectos con reforzo escolar específico.

N. B. C (6º EP)

- Alumna con dificultades atencionais, lateraliade, baixo rendemento académico e dificultades de comprensión lectoescritora.

A.D.G (6º EP)

- Alumno con TDAH/TND. Dificultades de atención e organización académica.

B. P. C (6º EP)

- Alumno con TDAH, con medicación pautada.

Y.A.V (6º EP)

- Alumna con déficit cognitivo, retraso madurativo xeneralizado. 80% de visión ollo esquerdo. Flexibilizou infantil e repetiu 3º primaria. Actualmente cunha ACI en instrumentais e inglés.

Educación Secundaria Obrigatoria:

▪ I. P. A (1º ESO)

- Alumno con diagnóstico compatible con TDAH, CI dentro do límite inferior. Retraso escolar e ACI en materias instrumentais, inglés, ciencias sociais e ciencias naturais. Minusvalía recoñecida dun 35%.

▪ I. P. C (1º ESO)

- Alumna con diagnóstico TDAH, minusvalía do 33% Dislexia e Discalculia. Programa específico das funcións executivas e proceso lectoescritor. ACI significativa en materias instrumentais.

▪ M. R. A (1º ESO)

- Alumno con diagnóstico TDAH, minusvalía recoñecida do 33%. Presenta dificultades graves a nivel atencional, razoamento lóxico e en HH.SS. Precisa ordes moi dirixidas. Adaptación metodolóxica nas materias instrumentais.

▪ U. P. C (1º ESO)

- Alumna con epilepsia e displasia cortical frontal e retraso madurativo, repetiu 6º EP. 33% de minusvalía.

▪ A. G. I (2º ESO)

- Alumno que repite 1º da ESO, sospeita de TDAH. ACI nas materias instrumentais. Solicitase

exención da 2ª lingua estranxeira para este curso 22-23.

▪ S. D. C (3º ESO)

- Alumno con diagnóstico compatible con TEA. Debido a súa evolución escolar non consideramos que precise de medidas de atención a diversidade. Segue o ritmo do grupo-clase.

▪ L. N .S (3º ESO)

- Alumno con problemas de saúde recorrentes e múltiples episodios de longa hospitalización, polo que perde o ritmo escolar e precisa de axudas e reforzos académicos.

▪ A. A. S (3º ESO):

- Alumno con diagnóstico compatible con TEA. Grao de minusvalía do 35%. Repite 3º ESO. ACI dende o curso pasado na maioría das materias. Reforzos académicos cos mestres con dispoñibilidade horaria.

▪ A. A. A (3º ESO):

- Alumno con diagnóstico TDAH. Grao de minusvalía recoñecido do 33%. Debido a súa inmadurez emocional e as dificultades atencionais precisa dunha supervisión mais individualizada. Levaranse a cabo medidas de atención educativa dentro da aula. Valoración de reforzo escolar en materias instrumentais. Repite 3º ESO.

▪ G. S. A (4º ESO)

- Alumno con diagnóstico TDAH. Debido a súa inmadurez emocional e as dificultades atencionais precisa dunha supervisión mais individualizada. Levaranse a cabo medidas de atención educativa dentro da aula. Valoración de reforzo escolar en materias instrumentais.

Esta listaxe ten carácter provisional. Trala avaliación inicial dos alumnos de nova incorporación e a revisión dos que recibiron apoio o curso anterior, os titores derivarán ao D.O aos alumnos/as que consideren para unha valoración máis personalizada, e de ser necesario farase un plan de traballo individualizado ou tomaranse as medidas pertinentes de intervención e seguimento. Esta programación é aberta e flexible, polo tanto esta listaxe do alumnado pode ser modificada.

4.8.4 PLAN DE REFORZO DO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES E REPETIDORES

Orden de 8 de setembro de 2021. Artigo 51.

Artigo 51. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria superar deberá seguir un plan de reforzo que se promova de curso con materias sen en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

-

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación

secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Artigo 52. Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- **Data límite de entrega: 4 de outubro.**
- **Preparar plantilla y modificar dependiendo de las necesidades del alumno/a**
- **Dpto de Orientación: informe y supervisión de todos los planes de reforzo para dichos alumnos/as**
- **Buscar formas de avaliar a lo largo del curso (no consiste en un exame)**

- **Debe haber un seguimento trimestral**

4.9. ADENDA ANUAL DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Atendendo ao artigo 14 do apartado 4 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG de 25 de maio) elaboramos a addenda do proxecto lingüístico para o curso 2022-23 atendendo a:

a) **Resultados obtidos sobre lingua materna** predominante entre o alumnado na educación infantil (nunha *ficha de rexistro inicial* que cobren no momento da matriculación) e aos arroxados na **enquisa** que se elabora cada catro anos entre todas as familias do centro.

Atendendo aos resultados obtidos en ámbalas mostras, o castelán é a lingua vehicular do noso alumnado. Por este motivo, o principal reto que temos estriba na necesidade de que vaia adquirindo unha competencia axeitada no uso do galego. Así pois o profesorado coidará de que adquira, de forma oral, primeiro, e escrita, despois o coñecemento da outra lingua oficial.

b) **Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega** realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte. Teremos en conta as propostas de mellora do curso pasado entre as que se atopan unha maior formación lingüística dos docentes, tanto a distancia como presencial, para obter as titulacións requiridas e fomentar grupos de traballo para programación, uso de técnicas e estratexias comunicativas, organización e desenvolvemento das clases.

PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O **obxectivo xeral** do EDLG é colaborar para que o Centro lle garanta unha boa competencia lingüística en galego a todo o alumnado, e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

Obxectivos específicos para cada un dos sectores da comunidade educativa:

Contorno sociolingüístico do centro:

- Aproveitar as posibilidades que este nos ofrece en relación co uso da lingua galega para seguir valorándoa e utilizándoa como ata o momento.

Profesorado:

- Promover a conciencia do profesorado para que trate de descubrir e eliminar no alumnado calquera tipo de prexuízo lingüístico.

- Implicar a todo o profesorado do centro no proceso de normalización e dinamización lingüística.

- Potenciar no centro actividades en relación con Galicia e o galego así como informar das actividades de formación relacionadas coa lingua para mellorar a nosa competencia lingüística.

- Facilitar ao profesorado o material e a información que este demande.

Alumnado:

- Crear no alumnado actitudes positivas cara a propia lingua, eliminando calquera tipo de prexuízo lingüístico que poida traer da súa contorna familiar ou social.

- Fomentar e valorar o uso do galego nas actividades escolares, tanto oralmente como por escrito dunha forma dinamizadora e atractiva para que poidan participar cunha actitude positiva nelas, e así, acadar progresivamente unha maior competencia neste campo.

- Promover o uso do galego entre alumnos e alumnas; do alumnado cos profesores/as nos recreos, nas actividades extraescolares ...
- Fomentar e facilitar a lectura de libros en galego en colaboración co Equipo do Plan Lector.
- Incentivar a composición escrita en lingua galega a través dos contos, cómics, redaccións, concurso de relatos ...

Pais, nais/titores:

- As comunicacións coas familias serán en galego. Preténdese convidalas a que participen no mantemento da lingua.

Os principais **actos e conmemoracións** que estaban previstos ao longo do curso pasado foron:

- **Samáin**
- **Magosto**
- **Nadal**
- **Día da Paz**
- **Día de Rosalía**
- **Entroido**
- **Semana das Letras Galegas**
- **Día da alimentación (E.I)**

Debido ao estado de pandemia provocado pola Covid-19, o Magosto non se celebrou.

